

MYKES

Boletín do Grupo Micológico Galego
“Luis Freire”

Volume 23
2020



GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

XXXVIII SEMANA MICOLÓXICA GALEGA: «MYCOVIGO 2020»

por
M. CABALEIRO*

Neste ano tan peculiar de pandemia e encerro a vida de todo o mundo viuse afectada, o mesmo que as actividades e plans que se tiñan previsto, dende hai máis ou menos tempo. O caso do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire non foi unha excepción, mais, a pesares disto, non se deixou que a COVID-19 tirase por terra a realización da XXXVIII Semana Micolóxica Galega cuxa organización lle fora encargada pola Federación Galega de Micoloxía. Así, en colaboración co Laboratorio de Micoloxía da Universidade de Vigo e a empresa asociada ao mesmo, a spin-off MycoGalicia Plantae, levouse a cabo un proxecto que comezara a fraguarse un ano atrás, para tentar achegar as antigas Semanas Micolóxicas á poboación: MycoVigo 2020.

A pretensión desta semana era facer sete días completos cheos de micoloxía, con múltiples actividades abertas ao público. Lamentablemente a parte presencial tivo que ser cambiada por formatos dixitais. Aínda así, non houbo sitio para o desánimo e comezouse a traballar na preparación das actividades que se puideron manter dada a situación: conferencias, mesa redonda, exposición micolóxica e concursos.

Así, dende o 16 ao 22 de novembro de 2020, celebráronse estas actividades nas que o público puido participar telematicamente. Toda a información sobre o evento e as súas actividades foi colgada en <https://mycogalicia.es/smg> e as sesións pregravadas foron publicadas na canle de Youtube de MycoGalicia Plantae. En total, o evento contou con 107 inscritos, que recibiron día a día as ligazóns para o acceso ás diferentes actividades. E, a maiores,

MycoGalicia Plantae (www.mycogalicia.es); e-mail: mcabaleiro@mycogalicia.es

as actividades foron abertas *a posteriori* para o público xeral que non puidera inscribirse pero que tiña interese no contido.

Ciclo de Conferencias

A actividade central desta semana foi un ciclo de conferencias que recompilou as poñencias de catro expertos en Micoloxía membros do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire, os cales aportaron a súa visión e experiencia sobre diversos temas relacionados con este mundo. A semana comezou cunha conferencia impartida polo Dr. N. Floro Andrés Rodríguez sobre “O nacemento da afección á Micoloxía en Vigo”, onde fixo un percorrido pola historia da micoloxía galega ligada á Cidade Olívica. Na segunda sesión a conferencia “Micobiota nas Illas Cíes” correu a cargo do Dr. José Rodríguez Vázquez, onde compartiu o seu punto de vista sobre a riqueza micolóxica deste espazo protexido. A conferencia do terceiro día, “Myxomycetes, un mundo por descubrir” foi impartida por D. Óscar Requejo, un apaixonado experto sobre estes organismos tan pouco coñecidos. E, a derradeira conferencia, “Cogomelos e cambio climático”, da man da Dra. Marisa Castro, pechou este ciclo cunha reflexión sobre os efectos que terá este cambio climático acelerado na nosa contorna e nos organismos que comparten o noso espazo.

Mesa redonda

Ademais do ciclo de conferencias, unha das actividades máis especiais foi unha mesa redonda sobre divulgación micolóxica, que tivo lugar o venres 20 de novembro. A mesa redonda, moderada pola Dra. Marisa Castro, tratou de afondar en como foi cambiando a divulgación micolóxica ao longo dos anos, compartindo as experiencias de representantes de diversos colectivos relacionados co mundo da Micoloxía: Dr. Julián Alonso (veterinario e micólogo), Dr. N. Floro Andrés Rodríguez (farmacéutico e micólogo), D. Alejandro Mínguez (xornalista) e Dna. María Cabaleiro (micóloga e administradora de MycoGalicia Plantae).

Concursos

Previamente á Semana Micolóxica foran recibidas as obras dos participantes do concurso de fotografía e o do concurso de relatos, que tiñan que estar relacionadas dalgún xeito co mundo da Micoloxía. Trala revisión e deliberación do xurado, o venres 20 de novembro déronse a coñecer os gañadores dos concursos cuxas obras poden ser consultadas na Web do evento.

Exposición Micolóxica Dixital

Durante a Semana Micolóxica tamén tivo lugar a Exposición Micolóxica Dixital, que incluía 40 especies de cogomelos tomados da IX Exposición Micolóxica da Facultade de Bioloxía do Campus de Vigo que tivo lugar pola celebración do patrón de Ciencias, San Alberte. As fichas dos cogomelos incluían información sobre o nome científico, nomes populares, hábitat e fenoloxía (período de frutificación), ademais, dunha ferramenta que permitía ampliar as imaxes para ver mellor as características dos cogomelos das fotografías e dun xogo para descubrir o tipo de himenio que tiña cada cogomelo.

Ao redor da Exposición Micolóxica Dixital foron realizadas dúas sesións en directo o sábado 21 e o domingo 22 nas que se falou sobre o desenvolvemento de ferramentas dixitais, como a clave Mycokey-Galicia para Android (elaborada por MycoGalicia Plantae e o GMG Luís Freire) e sobre os usos e posibilidades das ferramentas dixitais, concluindo así as actividades da XXXVIII Semana Micolóxica Galega.

**XXXVIII SEMANA
MICOLÓXICA GALEGA**
OUTONO 2020 - VIGO
DIXITAL

EXPOSICIÓN MICOLÓXICA
16-22 NOVIEMBRE

CONFERENCIAS
16-19 NOVIEMBRE

- MICOLOXÍA EN VIGO
- MICROBIOTA NAS ILLAS CIES
- MIXOMICETOS: FUNGOS OU ANIMAIS?
- COGOMELOS E CAMBIO CLIMÁTICO

CONCURSOS
PARTICIPACIÓNS ATA O 6 DE NOVIEMBRE

- FOTOGRAFÍA MICOLÓXICA
- RELATOS MICOLÓXICOS

MESA REDONDA: DIVULGACIÓN MICOLÓXICA
20 DE NOVIEMBRE

CONSULTA AS BASES:
WWW.MYCOGALICIA/MICOVIGO

Laboratorio MicoVigo

MycoGalicia Plantae

Grupo Micolóxico Galego Luís Freire